

ORALIDADE E TRANSGRESIÓN: DA TRADUCIÓN DE *ZAZIE DANS LE MÉTRO* E DE *PROVIDENCE CAFÉ* Á NORMATIVA DO GALEGO¹

1.- ANO 1959: E NISO CHEGOU... ZAZÍ

Cando Raymond Queneau publica *Zazie dans le métro*² leva xa cincuenta e seis anos de vida plena e activa pois nacera en 1903.

Despois dos estudos de Filosofía adhírese ao surrealismo, ligándose ao grupo dos irmáns Prévert, Yves Tanguy e Georges Duhamel. Rompe con Breton en 1930 e intégrase no Cercle Communiste Démocratique de Boris Souvarine. Profundiza na Filosofía, adicase á Matemática e á Pintura e comeza a escribir, moitas veces novelas en prosa ou verso escritas seguindo unhas estritas regras e unha coidada estrutura. Ensaísta, tradutor, alto responsable da editorial Gallimard, Queneau ten un papel relevante no Saint-Germain-des-Prés da segunda posguerra. Fai incursións no mundo do cinema e varios poemas seus son popularizados baixo forma de cancións. Participa no Colexio de Patafísica e publica os famosos *Exercicios de estilo*.

Con *Zazie* virá a popularidade total.

Mais a actividade de Queneau continuará imparabile coa fundación do Obradoiro de Literatura Potencial, Oulipo, e a súa actividade editorial, científica e literaria, entre a que destaca a publicación de *Cent mille milliards de poèmes*, dez sonetos con versos intercambiáveis capaces de formaren cen billóns de poemas que precisarían para a súa lectura as vinte catro horas do día de case douscentos mil anos.

A preocupación pola lingua e pola oralidade é unha constante na vida e na obra de Queneau, quen chegou a propor a refundación do francés sobre a base da lingua falada e mantivo permanentemente unha actitude de espreita, de denuncia e de transgresión ante normas lingüísticas moitas veces obsoletas e afogantes. *Zazie*, a meniña escachada, provocadora e inxenua, tenra e maquiavélica, que lanza a torto e a dereito o seu retrouso e grito de guerra (*Mon cul!*), personifica esa airexiña que varre o eirado e limpa o ambiente para facer de novo respirable a nosa existencia.

Utilizaremos, pois un anaco de *Zazí no metro*³, a tradución galega, para comentar a representación nela da oralidade, mais antes lembraremos un principio elemental da tradución:

¹ Este traballo, elaborado en 2012, serviu para unha unha actividade con alumnado da Facultade de Tradución de Vigo en Novembro de 2013.

² Raymond Queneau: *Zazie dans le métro*. Folio. Gallimard, 2007. (1ª edición, 1959).

³ Raymond Queneau: *Zazí no metro*. Tradución de Henrique Harguindey. Edicións Laiovento, 2009.

Ao traducirmos resulta imposible trasladar puntualmente dunha lingua a outra todos os recursos, fónicos, expresivos, léxicos e morfosintácticos. E moito máis no caso da oralidade e da lingua popular, pois cada idioma ten os seus recursos e as súas preferencias. A tradución literaria debe empregar os recursos propios da lingua á que se verte, conservando na medida do posible todos os casos concretos, utilizando, para equilibrar, os mesmos mecanismos tamén en casos distintos e empregando recursos o máis próximos aos empregados no texto orixinal. A tradución debe conservar necesariamente o alento do orixinal perdendo o mínimo de literalidade. Intentar transpoñer mecanicamente todos os recursos non só é innecesario senón que é mesmo inconveniente pois rompe a naturalidade e rebaixa a calidade do texto acadado

Por exemplo, no francés falado son multitude as elisións vocálicas e as supresións de partículas das que temos numerosos exemplos no extracto de *Zazie* que acompañamos para a lectura. No orixinal atopamos *t'entends, y a, l'méto, t'as compris, il est rien, faut...* aínda que os mesmos personaxes –como na vida ordinaria– non empregan sempre os mecanismos: *tu étais*, di Zazí neste anaco nunha ocasión. Ao traducir a outra lingua, o equivalente ten que ser outra característica da oralidade, mais non é preciso repetila tanto para crear o mesmo efecto.

O texto orixinal vai dende o comezo (*Doukipudonktan* ata *Mais non, dit Gabriel* [...]) *En route*. Velaí a primeira parte:

"Doukipudonktan", se demanda Gabriel excédé. Pas possible, ils se nettoient jamais. Dans le journal, on dit qu'il y a pas onze pour cent des appartements à Paris qui ont des salles de bain, ça m'étonne pas, mais on peut se laver sans. Tous ceux-là qui m'entourent, ils doivent pas faire de grands efforts. D'un autre côté, c'est tout de même pas un choix parmi les plus crasseux de Paris. Y a pas de raison. C'est le hasard qui les a réunis. On peut pas supposer que les gens qui attendent à la gare d'Austerlitz sentent plus mauvais que ceux qu'attendent à la gare de Lyon. Non vraiment, y a pas de raison. Tout de même quelle odeur.

Gabriel extirpa de sa manche une pochette de soie couleur mauve et s'en tamponna le tarin.

"Qu'est-ce qui pue comme ça ?" dit une bonne femme à haute voix.

Elle pensait pas à elle en disant ça, elle était pas égoïste, elle voulait parler du parfum qui émanait de ce meussieu.

"Ça, ptite mère, répondit Gabriel qui avait de la vitesse dans la repartie, c'est Barbouze, un parfum de chez Fior.

– Ça devrait pas être permis d'empester le monde comme ça, continua la rombière sûre de son bon droit.

– Si je comprends bien, ptite mère, tu crois que ton parfum naturel fait la pige à celui des rosiers. Eh bien, tu te trompes, ptite mère, tu te trompes.

– T'entends ça ?" dit la bonne femme à un ptit type à côté d'elle, probablement celui qu'avait le droit de la grimper légalement. "T'entends comme il me manque de respect, ce gros cochon ?"

Le ptit type examina le gabarit de Gabriel et se dit c'est un malabar, mais les malabars c'est toujours bon, ça profite jamais de leur force, ça serait lâche de leur part. Tout faraud, il cria :

"Tu pues, eh gorille. "

Gabriel soupira. Encore faire appel à la violence. Ça le dégoûtait cette contrainte. Depuis l'hominisation première, ça n'avait jamais arrêté. Mais enfin fallait ce qu'il fallait. C'était pas de sa faute à lui, Gabriel, si c'était toujours les faibles qui emmerdaient le monde. Il allait tout de même laisser une chance au moucheron.

"Répète un peu voir", qu'il dit Gabriel.

Un peu étonné que le costaud répliquât, le ptit type prit le temps de figoler la réponse que voici :

"Répéter un peu quoi ?"

Pas mécontent de sa formule, le ptit type. Seulement, l'armoire à glace insistait : elle se pencha pour proférer cette pentasyllabe monophasée :

"Skeutadittaleur... "

O anaco escollido de Zazie presenta no orixinal unha serie de trazos da oralidade que conservamos na tradución:

- transposicions fonéticas (non transcriscións) como *Doukipudonktan* > *Komekefedasí* e mais *Skeutadittaleur* > *Okakabasddicir*
- síncopas como *vl' à l' train* > *v'laí* o tren
- pronunciacións relaxadas como *manman* > *m'má* (noutras ocasións aparece *m'man* > *mmá*), *meussieu* > *siñor* (noutras ocasións aparece *m'sieu* > *s'ñor*), *à espliquer* > *a 'splicar*, *s'esclama* > *esclamou*, e mais *bin oui* > *poissí*

- léxico popular e familiar como *le tarin*> a trompa, *se tamponner*> entapullar, *un pote*> un amigolo, *le tonton* > o tiocho e mais *un tac*> un tac (taksi)
- supresión por veces de signos de puntuación como en *et se dit c'est un malabar mais les malabars c'est toujours bon* que nós, naturalmente, mantemos: *e díxose é un mangallón pero os mangallóns sempre son boechos*

Non transpoñemos por un equivalente síncopas como *p'tit, p'tite*, pronunciacións relaxadas como *chsuís, jparie*, construcións tradicionais agramaticais como *Je nous le sommes réservé* ou palabras como *une valoche*> unha maleta.

Pola contra, para compensar, incorporamos nalgunha ocasión elementos non presentes no orixinal, sexan fonetismos como *Repetiloqué* (por *Répète un peu voir*), aféreses como *'talogo* (pola síncopa non traducida *a'rvoir*) e *'pórtame un pito* (pola pronunciación relaxada non traducida *jm'en fous*), apócopas como *imposib'* (por *pas possible*), síncopas (en fonética sintáctica) como *n'hai maneira* e sufixos expresivos en *gorilacho* (no orixinal *gorille*) e mais *boecho* (no orixinal *bon*).

Debemos sinalar que se o emprego de transposicións fonéticas xa dende a primeira palabra do libro -o arquicélebre DOUKIPUDONKTAN- representa unha transgresión clara do código escrito - e en maior ou menor medida o mesmo acontece tocante á transcripción dos diversos procedementos da oralidade- Queneau toma unha actitude persoal activa na transgresión da norma lingüística como se pode ver en dous exemplos deste fragmento:

- 1) Cando realiza unha transcategorización gramatical que muda un pronome demostrativo en substantivo: *as aquelas que...se queixaban...*
- 2) Cando crea unha nova denominación horaria: *as seis sesenta*

Actitude transgresora en materia da norma lingüística que –como xa dixemos– é habitual en toda a obra queniana. Transgresión creadora.

Zazí é un libro moi oportuno, mais nada oportunista. Tivo unha lenta e difícil elaboración, iniciada en 1945, xusto no momento da Liberación. Os franceses vense encarnados nesa rapaciña rebelde e *bon enfant* da que a nai aínda conserva unha expresión en alemán, pois estivera “ocupada”. Mais é unha Francia –igual que a rapariga- en crecemento, en mutación: aínda son moi numerosas as vivendas que carecen de cuarto de baño e xa vemos desfilar diante nosa *os homes de negocios a paso acelerado o seu porta-documentos no cabo do brazo*. É unha Francia dun momento de alegría, de ledicia e de despreocupación, de proximidade e de

desbordamento, de relaxamento e de heterodoxia. Unha Francia de realidade e de soño que fala nos variados rexistros da vida e fai constantes chiscadelas culturais. Velaí sen dúbida unha das principais claves do seu éxito fulgurante.

2.- CAFÉ PROVIDENCIA : UN CAFÉ SEN CANDO E CASE SEN ONDE

Mohamed Rouabhi publicou en 2003 a peza de teatro *Providence Café*⁴, que tamén dirixiu estreándoa o mesmo ano. Xa antes publicara varias outras pezas.

*Café Providencia*⁵ é unha obra magnífica cunha extraordinaria riqueza lingüística baseada na oralidade. Sitúase no sur do Estados Unidos de Norteamérica, perto da fronteira con México, e hai no texto alusións culturais directas ou indirectas (*unha Bud*, marca de cervexa, *mescal con chile tomate*, *crackers*, *Chick'n'tok*, os nomes dos personaxes...) aínda que ben pensado podería ocorrer en moitas partes do mundo. A época é a contemporánea, dun xeito impreciso.

Lerei eu agora un fragmento pois como teatro que é o texto debe ser ouvido. Mágoa que ao non termos aquí catro actores e un escenario que permita visualizar as accións e os personaxes, por forza teña o auditorio que perder algo na confusión. Intentarei advertir dos protagonistas de cada diálogo para compensar algo esta perda, mais prefiro gañar máis na sorpresa e frescura da audición.

1.là où t'habites y'a pas d'idiots ?

Un coq géant entre dans le bar en dansant. Il a une grande tête de coq. Il porte un sac en plastique avec un truc dedans. Il se dirige vers le bar.

CHESTER Putain. J'ai soif.

PATTY Salut Chester.

CHESTER Salut Patty. Bon Dieu de chaleur.

PATTY Vous tombez bien on dirait. Je viens justement de faire du café.

CHESTER Je voudrais plutôt une Bud et un verre de mezcal avec du chili tomato.

PATTY Liquide ou en poudre le chili ?

CHESTER En poudre. Dîtes-moi je peux mettre ça quelque part Patty?

PATTY Tenez, donnez le moi et allez vous asseoir.

CHESTER Je peux pas.

PATTY Pourquoi ça ?

CHESTER Et alors qu'est-ce que je fais de ça ?

PATTY Vous pouvez pas la plier ?

CHESTER Comment ça ?

⁴ Mohamed Rouabhi: *Providence Café*. Actes Sud, colección Papiers, 2003.

⁵ Tradución miña para Teatro do Morcego, 2011.

PATTY Comme un accordéon vous pouvez pas plier vot'queue comme un accordéon ?Vous devriez pouvoir plier vot' queue comme un accordéon quand même.

CHESTER Je suis pas un accordéon Patty.Je suis un coq.

PATTY Ben peut-être que des fois je sais pas moi les coqs des fois ils se plient aussi non ?Pour dormir ils se plient des fois ?Ils se plient pas ?Ils se plient pour dormir je crois bien.Pour dormir par exemple moi je me plie.

CHESTER Ah bon ?

PATTY Quand on dort plié on dort plus vite.

CHESTER Je savais pas.

PATTY C'est un truc qu'est connu quand même.

CHESTER Je sais que moi en tout cas je le sais pas. Allez-y doucement Patty c'est fragile...

PATTY C'est quoi que vous cachez là-dedans ?

CHESTER J'ai trouvé ça dans une poubelle.Quelqu'un qu'à dû le jeter sans faire exprès.

PATTY. Ben...vous avez pas la fourchette qui va avec?

CHESTER. Ben...non.

PATTY Et c'est pourquoi que vous le gardez alors si vous avez pas la fourchette qui va avec ?

CHESTER C'est au cas où il lui viendrait l'idée que c'est peut-être à lui.

PATTY La vache.Les gens savent plus quoi faire de leurs loisirs.

ROSCO Dis donc,ça serait un de ces putains de couteaux qui zavaient les Peaux-rouges dans le temps pour couper les oreilles que ça m'étonnerait pas.

CHESTER Vous avez l'oeil monsieur Rosco.

ROSCO T'es le type qui bosse chez Chick'n'tok ?

CHESTER Tout juste.Je m'appelle Chester.

ROSCO Rosco.J'ai toujours voulu voir la tête que t'avais.

CHESTER Pourquoi ?

ROSCO Ma parole mais tu pus la merde !

CHESTER C'est pas de la merde monsieur Rosco.

TERRY C'est vrai qu'y pu la merde ce coq.

CHESTER Je vous dis que c'est pas de la merde,c'est juste que je transpire.

TERRY Ben tu transpires de la merde mon pote.

PATTY Arrêter de l'enquiquiner vous voyez bien que vous le hérissez avec vos questions.

Un temps.Tout le monde regarde Patty.

TERRY Fais voir un peu ce truc Rosco.Bon Dieu.

CHESTER Attention c'est pas à moi...

TERRY Putain de cul.C'est lourd.

PATTY C'est quoi ça ?

TERRY Merde.Y a du sang dessus on dirait.

CHESTER C'est le mien.Je me suis coupé en le ramassant.

ROSCO Je croyais que c'était dans une poubelle que t'avais trouvé ça mon pote ?

TERRY C'est vrai ça je croyais que c'était dans une poubelle que t'avais trouvé ce couteau mon pote ?

CHESTER Parfaitement,c'est là que je l'ai ramassé.

ROSCO Dis donc poulet tu m'en bouches un sacré coin avec tes bobards.

PATTY Les gens sont vraiment des saletés de cochons.Tiens une fois je me souviens j'avais

trouvé un steak de cheval dans mes bottes. Et ben vous devinerez jamais qui c'est qui l'avait balancé là-dedans ? C'était le petit Willy ! Tu t'en souviens Rosco du petit Willy le fils de Scott Chalenger qu'était manchot ?

TERRY Moi je m'en souviens de ce gros sac ! Y passait son temps sur un rocking chair à compter les cafards au plafond. Y z'ont du l'opérer à 12 piges tellement il avait des varices au cul.

PATTY C'est malheureux à c't'âge d'avoir déjà la vieillesse qui vous bouffe le dedans.

ROSCO C'est pas la vieillesse Patty. C'est la graisse de porc qu'y foutent dans les crackers.

Un temps.

CHESTER Je reprendrai bien une Bud.

TERRY Moi aussi.

ROSCO Mets-en trois Patty. C'est ma ronde .

CHESTER Merci monsieur Rosco.

ROSCO Appelle-moi Rosco tout court mon pote. Santé. Dis donc, tu te déplaces pas très vite pour un coquelet.

CHESTER C'est que j'arrête pas.

TERRY T'aurais pas des morceaux de poulet gratuits comment qu'ils appellent çà les trucs gratuits qu'y donnent des fois...

CHESTER Des échantillons ?

TERRY Ouais c'est çà, des échantyons t'aurais pas çà des fois des échantyons ?

CHESTER Y sont tous partis.

ROSCO Tu les aurais pas tous bouffer plutôt ? Tu m'as l'air de pas mal transpirer d'où je pense.

CHESTER Non.

Non imos falar de novo dos procedementos e mecanismos da oralidade pois xa os comentamos ao falar de *Zazie*. Simplemente diremos que nesta peza teatral non se atopan transposicións fonéticas, xogos de palabras e creacións verbais como no libro de Queneau. Pola contra son constantes as elisións, síncopas, supresións, exclamacións e expresións populares, distorsións sintácticas e demais características do francés falado. E é frecuente que non se marque a puntuación dentro das frases.

Si quero comentar a opción que tomei na tradución ante a encrucillada *norma ou castelanismo* en tres ocasións que espero que pasasen desapercibidas.

- 1) Cando no diálogo se fala de *o cuberto* (*Non ten o cuberto que fai xogo?*) a palabra orixinal francesa era *la fourchette*, que normativamente é *o garfo*. Pareceume que esta forma galega podía ser demasiado inhabitual para un público teatral novo e que unha lingua demasiado afastada do público podería distraer a atención do espectador desviándoo cara ao debate da normativa. Por iso utilicei *cuberto*, que é con frecuencia empregado como sinónimo de *garfo* aínda que normativamente é definido como “conxunto de culler, garfo e coitelo”.

- 2) Cando no diálogo Chester di *Agradecido señor Rosco*, o orixinal francés é *Merci monsieur Rosco*. Pola mesma razón anterior en lugar de *Grazas* utilizo *Agradecido*.
- 3) Cando Rosco di *Pon tres Patty, é a miña ronda* non utilizo eu na tradución a forma normativa (*rolda*) pola mesma razón que nos dous casos precedentes. Penso que o feito pode pasar practicamente desapercibido. Por parte, a expresión orixinal francesa non é a que esperaríamos (*c'est ma tournée*) senón a que estamos comentando: *C'est ma ronde*.

Finalmente, quero comentar que no texto orixinal hai unha mesma palabra francesa (*échantillon* 'mostra') pronunciada de dúas maneiras: a normativa ou culta (*échantillon*) e a popular (*échantyon*). A translación ao galego é ben doada: *mostra* fronte a *amostra*.

3.- O CASTELANISMO DELIBERADO DUN TRADUTOR

Resulta evidente que o galego precisa ser depurado de castelanismos. É un labor xa moi vello que se debe continuar pois a invasión é constante, tanto na oralidade como no galego escrito.

Cousa diferente é confundir con castelanismos palabras lexítimas e aceptables en galego que teñen forma común co castelán e o portugués, e mesmo, ás veces, con outras linguas románicas. Nesta confusión cae por veces a norma actual (os dicionarios de referencia) ao proscribir o uso de termos como *abrumar*, *averiguar*, *apaciguar*, *desnudar*, *deslizar*, etc. Ben está que se prioricen as formas patrimoniais e distintivas como *noxo*, *caluga*, *xoio*, *parvo* ou *cotián* sen que iso teña que supor a proscrición dos sinónimos *asco*, *nuca*, *cizaña*, *tonto* ou *cotidiano*.

Non resulta admisible que un portugués poida empregar *acoplar*, *bosnio*, *fanfarrón*, *maniatar*, *colmar*, *cortafogo*, *destrozar*, *surxir* e dúcias de palabras máis como as antes citadas, e un galego non poida. Esta prohibición tolle a nosa riqueza idiomática e manca de xeito importante o labor dos tradutores.

A normativa léxica galega é moitas veces contraditoria verbo do portugués: por unha parte prescribe termos lusos de ningunha implantación en Galiza como *rapina* ou *reflectir* e pola outra desbota formas comúns moi vivas, como é o caso de *caír*, variante ben arraizada no sur do país e no galego estremeiro.

Por outra banda, cómpre dicir que resultaría utópico pretender erradicar totalmente os castelanismos.

Os préstamos léxicos doutras linguas son cada día máis frecuentes no mundo de hoxe e a propia normativa galega (o *Diccionario de pronuncia da lingua galega*⁶, do Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega) admite numerosos préstamos do inglés, francés, italiano e diversas linguas (*anorak, graffiti, póster, spray, best-seller, argot, top-less*, etc.).

Aceptados ou non pola normativa, utilizamos constantemente unha chea de estranxeirismos: *O disc-jockey presentou o seu show nun pub. Moitos asistentes levaban algún piercing. Entre os coñecidos, varias top model. La crème de la crème. Foi un auténtico boom, aínda que hai quen pensa que todo é resultado do marketing e preferiu quedar na casa facendo zapping no televisor. Non deixa de ser un hobby. Mellor que se entretivese así, non lle fose dar un infarto e tivesen que lle facer un by-pass urxentemente. En fin, voume: Ciao!*

Intentar eliminar absolutamente todos os castelanismos, a maiores de utópico resulta innecesario. Tería, con seguridade, o mesmo resultado que os fracasados intentos do nacionalismo español para substituír *fútbol* por *balompié*, *garaje* por *cochera*, *sandwich* por *emparedado* ou *clip* por *sujetapapeles*.

O portugués, que tamén puxo en práctica mecanismos de defensa fronte á invasión de españolismos conserva un número importante deles como *deslumbrar*, *mermar*, *escotilla* ou *dislate*, prohibidos en galego. E moitos veñen de hai xa séculos como *canhão* (non restaurado en *canón*, como na normativa nosa) que se usa dende o século XV.

Cando estamos rodeados de *hardware* e de *software* e a normativa autoriza *módem*, *disquete*, *interface*, *byte*, etc. : escandalizaríase alguén se ela autorizase *tornillo* e os seus derivados?

A pregunta que fago non é casual: ao traducir a peza teatral de Boris Vian *Les bâtisseurs d'empire*⁷ xa ao comezar a obra fálase no orixinal francés de *vis*, *tournevis* e *dévisser* e todo nunha mesma serie de réplicas. Pensei demoradamente na tradución máis axeitada pois a aplicación da normativa daría o seguinte resultado:

⁶ Xosé Luís Regueira: *Diccionario de pronuncia da lingua galega*. Instituto da Lingua Galega/Real Academia Galega, A Coruña, 2011.

⁷ Boris Vian: *Les bâtisseurs d'empire* ou *Le Schmürz. Scène ouverte. L'Arche, 1998*.

PAI: ...Terma da táboa mentres eu collo unha punta. (Cachea na caixa das ferramentas e atopa unha punta). En realidade debería poñer parafusos pero daquela habería unha chea de problemas.

NAI: E logo?

PAI: De primeiras, que non teño parafusos. Despois, que non teño desparafusador. E, en terceiro lugar, que nunca sei de que lado se lle dá a volta para desparafusar.

Pensando en que de utilizar esas palabras rompería o necesario verismo que precisa unha representación teatral -pois ninguén fala así na vida real- optei na tradución galega⁸ por *tornillo*, *destornillador* e *destornillar*. Outramente, en lugar do personaxe o espectador vería un corrector lingüístico e o encanto teatral desaparecería, cortándose ese sutil fío invisible que une o público cos espectadores, vivindo un pouco todos o que está a acontecer no escenario.

E agradecín que Edicións Laiovento respectase a decisión do tradutor.

Naturalmente, esta infracción débese considerar como excepcional e como unha suxestión na elaboración da norma galega, que aínda non ten carácter definitivo.

Quero facer unha breve alusión a unha cuestión transcendental no traballo dos tradutores e tradutoras: a corrección lingüística dos textos.

Esta tarefa –encomendada polas editoriais a un corrector ou correctora- é beneficiosa pois en principio mellora a calidade dos textos. Trátase de dous aspectos complementario, que para dar o resultado procurado deben ir de par, mediante o diálogo. O tradutor pode ter dúbidas ou mesmo erros na aplicación da normativa do galego, mais ten na súa escolla unha vantaxe sobre o corrector: el sabe cal é a palabra orixinalmente empregada polo autor na súa lingua, sabe das opcións das que este dispuña, coñece os matices das palabras ou construcións alternativas, e escolle en función de todo ese coñecemento do que o corrector en xeral carece. Por iso non se poden tomar decisións unilaterais de modificar os textos sen contar cos tradutores e tradutoras.

E outra consideración verbo disto: a aplicación da lei non segue unha mecánica inexorable, inespacial e intemporal, unha especie de código cego e automático: existe unha serie de circunstancias e factores que condicionan ou modifican a decisión final. Moitas veces, o incumprimento foi necesario e así se recoñece.

⁸ Boris Vian: *Os constructores de imperios ou o schmürz*. Tradución de Henrique Harguindey. Edicións Laiovento, 2000.

4.-A ELABORACIÓN DA NORMATIVA DO GALEGO: CHUVIA E ORBALLO

A normativa é imprescindible para a normalización das linguas no mundo moderno. Resulta inimaxinable pensar que a Administración dun país (con todo o que esta implica, é dicir, Educación, Saúde, Xustiza etc.) puidese funcionar doadamente sen a existencia dun sistema lingüístico común normativizado canto á grafía, prosodia, léxico e morfosintaxe. Igualmente no eido dos medios de comunicación contemporáneos.

No caso do galego, esta necesidade foi apurando a elaboración da normativa dende hai trinta anos. Certamente, ao se cumpriren en 2012 tres décadas da publicación das primeiras *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*⁹ sería oportuno que as institucións responsables fixesen balance do camiño feito e do que resta por facer.

Non é aquí o lugar indicado nin son eu persoa capacitada para avaliar a normativa no seu aspecto lingüístico técnico mais si procede que como utilizadores da lingua especialmente concernedos -dado que o galego está no cerne do noso traballo- os tradutores e tradutoras abordemos a elaboración da normativa como cuestión que condiciona o noso labor de xeito importante.

As reformas na normativa das linguas deben ter en conta fundamentalmente razóns filolóxicas mais non poden esquecer os factores sociolingüísticos, maiormente no caso de linguas ameazadas nas que os seus falantes se amosan moi inermes e calquera factor de distorsión pode ter un efecto contrario para a súa normalización.

O establecemento dunha normativa vai ligado á consolidación de institucións con autoridade na materia, e particularmente á consecución dun status político por parte da lingua.

A normativización/normalización dunha lingua precisa da elaboración de toda unha estratexia moi meditada, coa maior implicación posible da sociedade e a disposición de medios que transmitan, publiciten e apoien as mudanzas e as súas razóns, que posibiliten a súa rápida absorción pola sociedade.

Nese sentido cómpre salientar que non parece existir ata agora un proxecto definido, planificado e metódico de elaboración da normativa galega mediante un traballo permanente que aborde o conxunto da lingua no eido ortográfico, prosódico, léxico e morfosintáctico. Fixéronse dúas revisións das Normas de 1982 en 1995 e 2003 que supuxeron modificacións puntuais, mais moitas das modificacións (ortográficas,

⁹ Real Academia Galega/ Instituto da Lingua Galega: Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego. . Vigo, 1982

prosódicas, léxicas e mesmo morfosintácticas) foron transmitidas progresivamente a través dos dicionarios de referencia constituíndose en normativa *de facto*. Temos, daquela, que se foron publicando novidades parciais, cando menos nos anos 1982¹⁰, 1986¹¹, 1995¹², 1997¹³, 2003¹⁴ e 2004¹⁵.

Pódese afirmar que as mudanzas na nosa normativa –mesmo se son relativamente poucas- se lle van trasladando á sociedade permanentemente, por sucesivas ondadas. Unha veces chove e outras chovisca.

Isto xera unha serie de problemas, nomeadamente en ámbitos coma o Ensino, a Comunicación e a Edición, e a parcial obsolescencia do anteriormente editado. E supón, como feito máis grave, que se contribúe a crear nas persoas a sensación de ignorancia na lingua propia, e de inseguridade, de que no galego non hai normas estables, de que as modificacións son constantes e o que hoxe é normativo se cadra mañán xa non o é. E de percibir fundamentalmente os cambios normativos como un regueiro de prohibicións. De aí deriva, moitas veces, unha actitude de insubmisión fronte á normativa –así devaluada- e a perda de credibilidade nas nosas institucións lingüísticas, que polo contrario precisarían ver a súa autoridade refrendada por unha ampla lexitimación social.

Se o conxunto da sociedade galega –encabezada polos sectores cultos- aceptou dende finais do século XIX e comezos do XX a necesidade de reelaborar a normativa da lingua, hoxe é perceptible un cambio de actitude motivado polo desconcerto e a inseguridade ante constantes modificacións que non foron interiorizadas e integradas na práctica cando xa se produce a seguinte ondada. Non se dá tempo para que as mudanzas callen: sérvese na mesa un novo xantar cando aínda non está dixerido o anterior; provócase o engulo.

Así a integración é so parcial, porque unicamente unha parte moi concienciada e disciplinada da sociedade os integra, e demasiada lenta, porque os mecanismos que favorecen a integración da novidade (como o Ensino e a Comunicación) teñen un efecto demasiado lento, moi a longo prazo. E mesmo eses sectores concienciados e os chamados a cumprir a norma incúmpren con moita frecuencia, ás veces por vacilación ou por falta de interiorización e outras por fartanza e rexeitamento do cambio constante, que fai asumir conscientemente en moitos cidadáns a condición de transgresores. Novidade de certo perigosa.

¹⁰ 1ª edición das Normas

¹¹ *Diccionario Xerais da Lingua*

¹² 1ª Revisión das Normas

¹³ *Diccionario* da Real Academia Galega

¹⁴ 2ª revisión das Normas

¹⁵ *Diccionario de galego* de Ir Indo Edicións

A estabilidade do galego precisa –maiormente nas circunstancias actuais- da estabilidade da súa normativa. E o labor da tradución precisa dun xeito evidente.

O peor de todo é que os cambios realizados ata agora non foron feitos de maneira que se pechasen capítulos, de que se completasen eidos da normativa, senón que ao seren incompletos (e nalgúns casos faltos de coherencia ou mesmo manifestamente errados) precisarán inevitablemente de novas mudanzas. Poñamos algúns exemplos:

A reforma gráfica e prosódica de cultismos compostos de bases gregas que instituíu *megálito*, *micrólito* e *monólito* tería que completarse establecendo *fotólito* en lugar de *fotolito*. Igual acontecería con *clorofito* e *pirofito* que terían que aliñarse con *endófito*, *saprófito* e *xerófito*, e tamén sería a vez de *cigóspora*, que tería que se aliñar con *macrospora*, *microspora* e *zoospora*.

Outro exemplo: cando os derivados da palabra *prezo* se conforman con ela (*desprezo*, *menosprezo*) parece oportuno completar a familia unificando a grafía de *desprecio* en *desprezo*.

Cando todas as linguas románicas (incluído, naturalmente, o portugués) manteñen esa grafía, cumpriría restaurar a unidade rota pola norma galega volvendo a *maravilla* escrito con v.

E –derradeiro exemplo- o amplo grupo de palabras proscritas indebidamente do galego ao que antes fixemos alusión, tería que ser autorizado e incluído no noso léxico.

A revisión íntegra e definitiva -tan relativamente íntegra e definitiva como a evolución das linguas o permite- debería abordarse coa calma e a intensidade que esixe o labor científico. Sen pausa, mais coa duración que o rigor do traballo esixa. E mentres tanto, non introducir ningunha modificación máis á normativa actual.

Sen querer manipular citas tirándoas de contexto ou aplicándoas para obxectivos diferentes aos pensados polo autor, quixera rematar cunhas palabras de Queneau nun escrito de 1947-8¹⁶. Paréceme que teñen algo aplicable ao galego hoxe:

“Podería semellar que en Francia hai cuestións máis urxentes ou máis vitais que a Defensa da Lingua Francesa. E mais certo número de xornais ou semanarios adícanlle unha ou varias columnas de xeito regular á devandita defensa. Non me parece banal a iniciativa, mais penso que a empresa está en xeral marcada polo espírito de derrota porque sempre é dende o punto de vista defensivo como se fai tal

¹⁶ *Connaissez-vous le chinook?* In Raymond Queneau: *Bâtons, chiffres et lettres*. Colección Idées, NRF, editorial Gallimard, 1965

defensa e esta defensa redúcese sempre a prohibicións¹⁷ e proscricións. Pénsase unicamente en mantemento, conservación, momificación. E é dende o punto de vista da ofensiva como cómpre defender a lingua francesa, se aínda podemos empregar esta palabra...”

Velaí o camiño. Situarmos nidiamente a normativización dentro do proceso da normalización do galego. Formularmos nós a nosa propia estratexia abandonando a actitude de estarmos permanentemente *a velas vir*, agardando o que nos caia, pasivos e submisos, mentres os inimigos da lingua seguen o roteiro trazado para a súa eliminación.

¹⁷ Lembremos que a palabra francesa *défense* ten o duplo significado galego de *defensa* e mais de *prohibición*.